Lingua kirguiz

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua kirguiz**[1] ou **quirguiz** (na súa forma nativa **Кыргызча, Кыргыз тили, قرعز تلى, Kırgızça, Kırgız tili)** é unha lingua turca falada por preto de catro millóns de persoas en Kirguizistán, así como na China, Afganistán, Casaquistán, Taxiquistán, Turquía, Uzbekistán, Paquistán e Rusia. O kirguiz é membro do subgrupo kirguiz–kipchak das linguas kypchak, e a converxencia lingüística da actualidade deu como resultado un incremento do grao de intelixibilidade entre o kirguiz e o casaco.

O kirguiz era escrito orixinalmente en runas turcas,[2] mais foi substituído gradualmente polo alfabeto árabe (en uso ata 1928 na USSR, aínda en uso na China). Entre 1928 e 1940, usouse un alfabeto turco baseado no latino. En 1940, por mor da política xeral soviética, o alfabeto cirílico converteuse no máis habitual, e mantense aínda hoxe, malia que algúns kirguiz seguen a usar o alfabeto árabe. Cando Kirguizistán conseguiu a independencia despois do colapso da Unión Soviética en 1991, houbo un movemento para tentar recuperar o alfabeto latino (nunha versión máis próxima á do alfabeto turco), pero o plan non foi implantado aínda.

Kirguiz *Кыргызча ou Кыргыз тили, قرعز تلى*, Kırgızça ou Kırgız tili	
Falado en:	Kirguizistán, Afganistán, Xinjiang (China), Taxiquistán, Rusia, Paquistán
Total de falantes:	2 900 000 (1993–2000)
Familia:	Linguas turcas Linguas kipchak Kirguiz–kipchak **Kirguiz**
Escrita:	Alfabetos kirguiz, (cirílico, e árabe), antigamente latino)
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Kirguizistán
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	ky
ISO 639-2:	kir
ISO 639-3:	kir (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=kir)

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/kirguiz) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/kirguiz) para *kirguiz*.
2. Кызласов И. Л., *Рунические письменности евразийских степей* (Kyzlasov I.L. *Runic scripts of Eurasian steppes*), Восточная литература (Eastern Literature), Moscow, 1994, pp. 80 on, ISBN 5-02-017741-5

Véxase tamén

Bibliografía



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua kirguiz***

- Krippes, Karl A. (1998). *Kyrgyz: Kyrgyz-English/English-Kyrgyz: Glossary of Terms*. Hippocrene Books, New York. ISBN 0-7818-0641-0.
- Library of Congress, Country Studies, Kyrgyzstan.
- Comrie, Bernard. 1983. *The languages of the Soviet Union*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Beckwith, Christopher I. 1987/1993. "The Tibetan Empire in Central Asia." Princeton: Princeton University Press.
- Tchoroev, Tyntchtykbek. 2003. The Kyrgyz.; in: The History of Civilisations of Central Asia, Vol. 5, Development in contrast: from the sixteenth to the mid-nineteenth century /Editors: Ch. Adle and Irfan Habib. Co-editor: Karl M. Baipakov. – UNESCO Publishing. Multiple History Series. Paris. – Chapter 4, p. 109 – 125. (ISBN 92-3-103876-1).



A Galipedia ten un portal sobre: ***Kirguizistán***